



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A INTRODUCCIÓN DE MELLORAS NA ASISTENCIA E COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN AOS CONCELLOS DA PROVINCIA A CAUSA DA COVID-19**

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e cooperación aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Por iso e en coherencia con esta obriga legal, as deputacións aproban plans provinciais anuais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

Así mesmo, desde hai varios exercicios, a Deputación Provincial de Ourense ven sumando un superávit importante que se distribúe, en boa medida, a través de criterios discrecionais e non equitativos, a través dun mecanismo de subvencións directas que impide a moitos concellos percibir achegas adecuadas ás sus necesidades máis perentorias.

A situación económica e social derivada da pandemia mundial ocasionada polo virus SARS-CoV-2, vén de mudar algunhas das prioridades nos investimentos das administracións públicas. No caso concreto das entidades locais, é perentorio que reciban osíxeno financeiro para afrontar necesidades xurdidas nas últimas semanas como a desinfección regular de rúas, prazas, espazos verdes ou mobiliario urbano; a desinfección de instalacións de titularidade municipal; medidas de protección e limpeza que se deberán aplicar nos centros educativos; o aprovisionamento de material para a protección dos traballadores e traballadoras; ou a necesidade de artellar novas axudas sociais e achegas extraordinarias para afectados e afectadas pola paralización da súa actividade económica.

A meirande parte das entidades locais da provincia carecen dos recursos extraordinarios precisos para facer fronte a estas inesperadas obrigas que, a lo menos durante varios meses, serán diarias. Ante este reto é preciso que a Deputación de Ourense auxilie ós concellos ourensáns de forma inmediata. A institución provincial conta cun voluminoso orzamento e un importante remanente aforrado que permiten executar as modificacións orzamentarias precisas para achegar ós municipios os cartos que precisan para estas necesidades derivadas da pandemia. Estas novas achegas deben ser dilixentes e áxiles polo que é indispensable que se articule unha armazón legal que permita así mesmo a execución inmediata do gasto por parte dos executivos locais.

Tamén é relevante dotar ós concellos dunha maior capacidade de decisión no destino destes cartos, posto que este é un dos piares da autonomía das entidades locais recollido na Constitución Española. A mellora do financiamento a causa da COVID-19 debe permitir a estas institucións regular e xestionar directamente, no marco da lei e da responsabilidade, e



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

para o beneficio dos veciños e veciñas, unha parte importante dos recursos que reciben dos gobernos central, autonómico e provincial.

Este impulso ó sistema provincial de axuda e cooperación, como xa ten reclamado o PSdeG-PSOE ó longo dos últimos anos en numerosas ocasións, debe permitir un reparto proporcionado e equitativo dos fondos públicos, estruturado sempre en base a criterios obxectivos e previamente publicitados, co fin de que todos os concellos teñan as mesmas oportunidades na súa consecución.

Neste momento transcendental, os e as representantes políticos da veciñanza nas administracións públicas temos a obriga de crear un novo marco normativo axeitado, co fin de que todas as persoas poidan vivir nunhas condicións dignas e con servizos do século XXI adaptados a estas novas circunstancias e, para iso, cómpre que os xestores locais poidan dispor de recursos dabondo para o que consideren máis urxente e perentorio.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

- 1.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que, como mínimo, duplique os importes destinados a cooperación coas entidades locais incluídos nos plans provinciais da institución, delegando nos concellos a potestade para decidir o obxecto do gasto e para tramitar directamente a súa execución.
- 2.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que a distribución dos fondos para cooperación coas entidades locais se execute mediante un sistema baseado en criterios obxectivos e equitativos, deseñado baixo os principios de transparencia, boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.
- 3.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que os fondos para cooperación coas entidades locais poidan ter como obxecto outros fins derivados das novas necesidades sociais, económicas ou de seguridade xurdidas, directa ou indirectamente, a causa da epidemia mundial ocasionada polo virus SARS-CoV-2.
- 4.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a reducir nun 25 % o pago do servizo de recollida do lixo, estendéndose esta axuda tamén aos municipios que non teñen delegado este servizo na institución.

En Ourense, 13 de maio de 2020.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE